



RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ANPA

Estimadas familias,

Comunicámosvos que co remate deste curso 2022/23, remata tamén o prazo de representación dos membros da actual Xunta Directiva da ANPA ATAHONA do CPR San Rosendo.

Os membros da xunta directiva, que levan xa desde o curso 2011/2012 ao fronte da asociación, prestando a súa colaboración, tempo e traballo en favor da nosa Comunidade Escolar, marchan do Centro igual que os seus fillos e fillas de sexto de primaria.

Esta asociación, que leva activa de maneira ininterrompida desde o ano 1993, e pola que pasaron xa numerosos equipos directivos, é a responsable de organizar as Actividades Extraescolares, entre outros actividades que axudan a que o noso cole sexa cada día un pouquiño mellor.

Por este motivo, comunicámosvos a continuación o calendario que vai seguirse neste proceso de renovación da xunta directiva da ANPA:

- **Do 1 ao 19 de maio:** presentación de candidaturas. As candidaturas poden ser conxuntas ou individuais.
 - As candidaturas conxuntas deben levar nas súas listas, polo menos, catro persoas: presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro. Poden presentarse candidaturas de máis de catro persoas nas que o resto de membros actuarán como vogais, pero sempre deben cubrirse os catro postos antes mencionados.
 - As candidaturas individuais: presentando o nome e DNI

Todos aqueles socios da ANPA que esteades interesados en presentar a vosa candidatura para a Xunta Directiva da Asociación, deberedes facelo enviando a vosa

candidatura ao correo electrónico da ANPA: anpaatahona@gmail.com poñendo no correo en asunto: CANDIDATURA XUNTA DIRECTIVA ANPA

- **22 de maio:** faranse públicas as candidaturas presentadas na web da ANPA e do colexio.
- **23 de maio:** eleccións no caso de que haxa polo menos dúas candidaturas, estas realizaranse presencialmente no cuarto do ANPA de 16:00 a 17:30. Se só hai unha candidatura, será proclamada vencedora automaticamente. Se non hai ningunha, o colexio non terá ANPA.
- **24 de maio:** publicación dos resultados.
- **9 de xuño:** Asemblea Xeral Ordinaria, o venres 9 de xuño, as 17:00h. Nesta asemblea procederase ao traspaso de poderes e a ratificación da nova xunta directiva da Asociación de Pais e Nais de Alumnos do CPR San Rosendo para os dous próximos cursos lectivos 2023/2025

Animámosvos a que participedes neste proceso de renovación presentando candidaturas e votando. Se tedes dúbidas das funcións da ANPA, se non sabedes como funciona e que hai que facer, non vos preocupedes porque podeades escribirnos e guiarémosvos e contestaremos a todas as vosas dúbidas os que estamos na xunta actual, ademais de asesorarvos nos primeiros meses do voso mandato se vos xorden dúbidas e pedídesnolo. Sabede que o único requisito (ademais de ter un fillo matriculado no colexio) é ser socio da ANPA durante o presente curso 2022/2023 e ter moita ilusión e ganas de colaborar.

Grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo.